



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>		<b>Data:</b>		<b>Nivel:</b>	<b>CELGA 3</b>
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>					
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>		<b>Nacionalidade:</b>			
<b>Data de nacemento:</b>	___ / ___ / _____	<b>Sexo:</b>	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
<b>Lugar de nacemento:</b>	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
<b>Lugar de residencia:</b>	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
<b>Tipo de estudos cursados:</b>	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.





2022320001

# Celga



Certificado  
Lingua  
Galega

# 3



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA

C3-A-II-22





## Proba A1

---

Unha parella amiga súa que se acaba de xubilar desexa cambiar de modo de vida e mudarse da cidade á aldea. Despois de ver unha reportaxe na televisión sobre o chamado *cohousing*, vostede decide escribirlle un **correo electrónico**. No texto, de **300 palabras**, deberá:

- Darlle os parabéns pola súa xubilación e expoñerlle a razón que motiva a súa mensaxe.
- Explicarlle en que consiste o *cohousing* e que finalidade persegue.
- Argumentar por que lle parece unha opción interesante fronte a outras alternativas, especialmente en época de pandemia.
- Comentarlle o que lle gustaría facer a vostede cando se xubile.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their response for the A1 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



## Proba A2

---

Vostede colabora decote na revista da asociación galega Photodenoso. Despois de ler «A historia contada en imaxes», decide escribir un novo **artigo**. No texto, de **300 palabras**, deberá:

- Dar a coñecer as viaxes de Ruth Matilda Anderson a Galicia e o propósito co que as realizou.
- Presentar algúns proxectos que, durante a pandemia da covid-19, pretenderon, como Ruth Matilda Anderson, rexistrar en imaxes a realidade social do momento.
- Expresar a súa opinión sobre a utilidade da fotografía para reflectir as transformacións sociais.
- Presentar unha proposta concreta de actividade fotográfica que se poida organizar nos concellos.

### A historia contada en imaxes

En 1924, The Hispanic Society of America enviou fotógrafos e fotógrafas a varios recunchos de Europa coa misión de capturaren coa súa cámara unha sociedade en transformación na que a modernidade estaba condenando á desaparición os modos de vida, os costumes e as tradicións que subsistiran durante séculos. Con este propósito, Ruth Matilda Anderson, que acababa de facer 30 anos, fai as maletas, viaxa a Galicia e percorre o país en dúas visitas sucesivas que realiza entre os anos 1924 e 1926. Naquel seu periplo pola Galicia do primeiro cuarto do século XX, a fotógrafa estadounidense tamén se mostrará moi interesada pola historia daquela parte de Europa que estaba comezando a coñecer, así que procura libros onde informarse e le a Rosalía de Castro, Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Emilia Pardo Bazán e Ramón Otero Pedrayo.

As fotos que fai foxen dos aspectos da Galicia máis urbana. Nin aos cafés que comezan a agromar en Vigo ou na Coruña, nin aos novos edificios de factura modernista que se están a erixir nas grandes cidades dirixe o obxectivo da cámara esta fotógrafa. O que Ruth Matilda Anderson captura é o universo rural, as clases menos favorecidas e os elementos máis exóticos para o ollo dunha artista que procedía do Nova York do charlestón. Tecedeiras, redeiras, aldeás de visita en Santiago, mulleres que carrexan algas, pequenas leiteiras ou cemiterios ateigados de flores no Día de Defuntos son algunhas das estampas que enchen as súas imaxes. Daquel proxecto consérvanse hoxe unhas 5 000 fotografías. Pero ademais de fotografías, toma notas, conversa coa xente, escoita; é dicir, observa con suma atención canto se mostra arredor dela. O resultado daquela colleita de imaxes, datos e experiencias persoais será un libro que se publicará en 1939, hoxe considerado unha alfaia, onde se gardan as esencias dun tempo e dun lugar do pasado.

Segundo a opinión de moitas persoas, a nosa sociedade está a vivir hoxe unha conxuntura histórica inédita, da que non existen precedentes inmediatos: os modos coñecidos de vivirmos e de relacionármolos están mudando de xeito profundo e rápido a consecuencia da irrupción da covid-19.

Algunhas asociacións de persoas amantes da fotografía e moitos museos de todo o mundo xa están elaborando e compilando material sobre o que está acontecendo para que forme parte das súas coleccións e para que quede como memoria para o futuro. O Museo Nacional de Finlandia, por exemplo, está fotografando a vida cotiá desde que comezou a pandemia co obxectivo de rexistrala. É un dos moitos museos que traballan en proxectos desta índole repartidos polo planeta.

Unha das iniciativas para capturar o momento foi #PHEdesdemibalcón, organizada polo festival de fotografía PhotoEspaña. Neste proxecto púxose de manifesto, curiosamente, que as fiestras e os balcóns tamén poden ser obxectos de inspiración, así como as xentes co rostro cuberto con máscaras ou os parques infantís precintados. As fotos rexistran dun xeito creativo a experiencia da vida cotiá das persoas durante a crise e os lugares que estas habitan ou deixaron de habitar.

Durante un mes, quen quixo puido enviar a súa fotografía ao sitio web do proxecto ou ver o conxunto das imaxes seleccionadas nunha galería. PhotoEspaña tamén invitou as administracións municipais e asociacións cívicas a organizaren proxectos autónomos que permitan deixar constancia fotográfica desta época singular na historia da humanidade, da que todas e todos, de maneira forzada, formamos parte. Varios concellos anunciaron que se sumaban á proposta e xa están organizando excursións fotográficas que servirán para nutrir futuros proxectos editoriais e exposicións. A historia tamén pode ser contada hoxe a través de imaxes fotográficas, ao igual que fixera Ruth Matilda Anderson hai case un século.

Adaptado de dúas reportaxes tomadas de disquecool.com



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

